

ANUNCIO

O Alcalde o día 09-05-2024, ditou a seguinte Resolución con número 319/2024:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: LISTAXE DEFINITIVA ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PROCESO SELECCIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE 4 PRAZAS DE PEÓNS DE OBRA E SERVIZOS MÍNIMOS PARA O CONCELLO DE MELIDE (PEL 2024)

EXPEDIENTE: 2024/G003/000328

ANTECEDENTES:

Logo de ver as bases da convocatoria para a selección con carácter laboral temporal por concurso-oposición de 4 prazas de peóns de obra e servizos mínimos para o Concello de Melide, modalidade de contrato de duración determinada para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, dentro do programa de integración laboral mediante a contratación de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia PEL-CONCELLOS 2024 (BOP núm. 206 do 27 de outubro de 2023), aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/04/2024.

Logo de ver o Decreto de Alcaldía núm. 291/2024 de data 26/04/2024 e asunto “LISTAXE PROVISIONAL ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PROCESO SELECCIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE 4 PRAZAS DE PEÓNS DE OBRA E SERVIZOS MÍNIMOS (PEL 2024)”, no que se acorda conceder aos/as aspirantes excluídos/as provisionalmente un prazo de 5 días naturais para corrección, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

Logo de ver a certificación do Rexistro Xeral de Entradas e Saídas do Concello de Melide de data 09/05/2024, en relación á listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección con carácter laboral temporal por concurso-oposición de 4 prazas de peóns de obra e servizos mínimos (PEL 2024) publicada o 29/04/24 na Sede Electrónica do Concello de Melide, na que se concede aos aspirantes excluídos un prazo de 5 días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación, para poder emendar o defecto que motivou a exclusión.

Logo de ver o informe da técnico de Administración Xeral de data 09/05/2024 e asunto: “Informe listaxe definitiva admitidos/as e excluídos/as proceso selección con carácter laboral temporal por concurso-oposición de 4 prazas de peóns de obra e servizos mínimos para o Concello de Melide (PEL 2024). Expediente: 2024/E001/000006”

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte listaxe de admitidos/as e excluídos/as definitivamente para as probas que darán lugar a devandita contratación:

ADMITIDOS/AS:

	APELIDOS E NOME	DNI/OUTROS
1	ADAN VAL, CESAREO	***8591**
2	APORELA ROJO, OSCAR	***1855**
3	CARREIRA LOPEZ, ANTONIO	***8666**

4	FUCIÑOS SEGADE, JULIO	***8557**
5	GARCIA MODIA, MONICA	***7844**
6	LOPEZ LOPEZ, LUIS	***8352**
7	PRADO MENDEZ, JESUSA	***3647**
8	SEOANE VARELA, FERNANDO	***1970**

EXCLUÍDO:

	APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO
1	MATO BUJAN, JESUS MARIA	***9746**	Non acredita estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo

SEGUNDO: Logo de ver o informe de Secretaría e Intervención con Ref.: 8, do 02.03.2022 de asunto: contratacións laborais temporais, modificacións de contratos, xestión de persoal e, en concreto, o seu apartado 3 que se refire á regulación do tribunal ou comisión seleccionadora; estará composta polos seguintes membros:

- PRESIDENTE: José Luís Cordido Vázquez (Encargado Edificio Multiusos, Concello de Melide). Suplente: Javier Anido Vázquez (técnico de xestión económico financeira, Concello de Melide).

- SECRETARIO/A: Jesús Manuel Cea Vázquez (administrativo, Concello de Melide). Suplente: M^a del Mar Guardo Bande (administrativo, Concello de Melide).

- VOGAIS:

* Juan Manuel Cardelle Segade (ordenanza, Concello de Melide). Suplente: M^a Jesús Sande Vázquez (Directora escola infantil, Concello de Melide)

* Juan Carlos Curros Vázquez (conserxe, Concello de Melide). Suplente: M^a José Rodríguez Gómez (ATS, Concello de Melide).

* Joaquín Vázquez Rodríguez (técnico de normalización lingüística, Concello de Melide). suplente: suplente: Sylvia Cea Vázquez (profesora lingua galega IES Ramón M^a Aller Ulloa de Lalín).

Os/as aspirantes deberán presentarse en chamamento único o **mércores 15 de maio ás 10.00 horas na nave de obras sito no recinto feiral do Concello de Melide.**

TERCEIRO: Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios da casa do Concello.

Ordeno e asino en Melide, xoves 9 de maio de 2024. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que o secretario acctal. da fe. Asdo: o secretario acctal. / Jesús Manuel Cea Vázquez."

O que se publica para xeral coñecemento

Melide, venres 10 de maio de 2024. Asdo: o secretario acctal. / Jesús Manuel Cea Vázquez.